



# **CONCELLO DE ORDES**

---

## **(A CORUÑA)**

### **CONVOCATORIA**

Pola presente convocase a Vd. á **SESIÓN EXTRAORDINARIA**, que se celebrará na **CASA CONSISTORIAL** polo **CONCELLO PLENO**, ás catorce horas e quince minutos do día seis de setembro de dous mil dezasete, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo co estipulado no artigo 31.2 do ROF do Concello.

A partir desta data ten Vd. a súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

**PUNTO PRIMEIRO:** ACEPTACIÓN RENUNCIAS AO CARGO DE CONCELLEIRAS D<sup>a</sup>. SILVIA MARÍN PEREIRO e D<sup>a</sup> LUCIA IGLESIAS MIRÁS (ART. 9.4 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).

**PUNTO SEGUNDO:** RECLAMACIÓN GRUPO POLÍTICO UxO ORZAMENTO MUNICIPAL, EXERCICIO 2017 (ARTs. 169 - 170 R. D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo).

**Ordes, 1 de setembro de 2.017**

**A Alcaldesa en funcións  
(Decreto delegación 21/08/2017)**

**Ana María Soneira Liñares**

**SRS. CONCELLEIROS do CONCELLO de ORDES**



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 16/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.**

En Ordes, a vinte e seis de setembro de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS

Non asisten:

- SILVIA MARÍN PEREIRO
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e quince minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**PUNTO PRIMEIRO: ACEPTACIÓN RENUNCIAS AO CARGO DE CONCELEIRAS DE Dª. SILVIA MARÍN PEREIRO e Dª LUCIA IGLESIAS MIRÁS (ART. 9.4 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).**



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Visto o escrito de data 11/08/2017, rexistro de entrada nº 4461, presentado por **D<sup>a</sup>. SILVIA MARÍN PEREIRO**, con DNI nº 43517734D, de renuncia por motivos persoais ao cargo de concelleira no Concello de Ordes, grupo político Unión por Ordes (UxO).

Visto o escrito de data 31/08/2017, rexistro de entrada nº 4708, presentado por **D<sup>a</sup>. LUCÍA IGLESIAS MIRÁS**, con DNI nº 79324042D, de renuncia por motivos persoais ao cargo de concelleira no Concello de Ordes, grupo político Unión por Ordes (UxO).

Visto o disposto non art. 9.4 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Visto o disposto non art. 182.1 dá Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dous seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia por motivos persoais ao cargo de concelleiro no Concello de Ordes de D<sup>a</sup>. SILVIA MARÍN PEREIRO, con DNI nº 43517734D, e D<sup>a</sup>. LUCÍA IGLESIAS MIRÁS, con DNI nº 79324042D, grupo político Unión por Ordes (UxO).

2º.- Remitir copia do presente acordo á Xunta Electoral Central para a expedición das credenciais para a toma de posesión como concelleiros do Concello de Ordes dos candidatos (2) seguintes por orde de colocación da Candidatura nº 3: UNION POR ORDES (UxO) (BOP nº 78, de data 28/04/2015. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 233/2015.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que manifesta que lles desexa o mellor nesta nova etapa das súas vidas.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que agradece os dez anos que estiveron formando parte deste grupo político, aportando ideas, traballando a reo para sacar a este pobo de moitos dos problemas que tiña, especialmente a alma mater e voceira deste grupo a Sra. Marín Pereiro, que nestes anos estivo defendendo cousas que dicían os compañeiros das que non tiña culpa. Por estas discrepancias puido haber malos entendidos, por iso presentou a súa dimisión. Deséxalles o mellor e dalles as gracias pola labor que fixeron durante este tempo en Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a labor municipal destas concelleiras queda aí, é realmente o que os veciños puideron valorar e sentir, especialmente nas épocas que estiveron no goberno e neste último período dende a oposición. Deséxalles o mellor na súa vida persoal e familiar.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

### **PUNTO SEGUNDO: RECLAMACIÓN GRUPO POLÍTICO UxO ORZAMENTO MUNICIPAL, EJERCICIO 2017 (ARTs. 169 - 170 R. D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo).**

Vista a reclamación do grupo político UxO contra o acordo de aprobación inicial do orzamento municipal, exercicio 2017.

Visto o ditame da Comisión informativa Permanente de Conta e Facenda.

Visto o informe desfavorable do Interventor e Secretario do Concello.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Solicita a palabra o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que van a retirar a reclamación presentada ao orzamento. Si quere que conste que conta cun informe xurídico que ven a contesta ao informe do Interventor e Secretario, que lles parece máis un informe político que xurídico. Que conste en acta que fago entrega dunha copia deste informe xurídico, que foi presentado hoxe no rexistro xeral do concello. Non hai nada máis que debater e votar.

Solicita a palabra o Sr. Secretario, que informa que no caso de retirarse a reclamación presentada, o pleno debe aceptar o desistimento desta reclamación e aprobar definitivamente o orzamento municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que si algún grupo quere facer algún comentario ou concelleiro non adscrito, ten a palabra, se non a el si que lle gustaría dicir o que opina con respecto ao desistimento da reclamación que presentou.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que en base ao informe dos servizos técnicos municipais, vistas as alegacións a súa posición ía a ser a abstención. Fixeron as súas propostas para os orzamentos que non se tiveron en contra, por iso tiveron o noso voto en contra. Con respecto á reclamación consideran que isto é máis unha guerra entre UxO e o PP. Lamenta que teñan que acudir a un pleno a estas horas ao final para non debater nada, simplemente para dar conta da renuncia e pouco máis.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala primeiro que non lle parece nada serio que houberse presentado a súa contestación cando dispoñía do informe dos técnicos dende o martes da semana pasada, faltando cinco minutos para as dúas da tarde, do que quere dar conta. Daralle despois unha quenda de palabra. Esta moi ben que sigamos nesta guerra de escrito vai e escrito ben, non nos conduce a ningún lado. Vostede segue na súa liña, incluso se atreveu a dicir que os técnicos fan valoracións políticas. Considera que a día de hoxe eles fan o seu traballo como técnicos municipais que está disposición de todos os membros da corporación, todos teñen dereito a ir a falar cos técnicos cando o consideren oportuno para aclarar calquera punto ou tipo de documento municipal. Hoxe este pleno reunido aquí como consecuencia dunha reclamación presentada polo grupo político UxO, como dixo o compañeiro do BNG hai concelleiros que tiveron que pedir permiso, entre eles vostede, no seu posto de traballo para asistir a esta sesión. Solicítolle polo tanto que xustifique cales son os motivos polos que renuncia a que o pleno



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

resolva a reclamación presentada. Vostede foi convocado o martes día 29/08/2017 á comisión informativa de contas e facenda coa que se xuntou o informe realizado polos técnicos municipais, vostede a esa comisión non asistiu. Se vostede hoxe, aquí, renuncia á reclamación por que non conta con votos suficientes para que esta sexa estimada, curiosamente asistiu á Comisión o seu compañeiro que se abstivo. Xa me aclarará canto cree vostede nesa reclamación. Sigo a pensar que a vostede o único que lle interesaba era demorar a aprobación destes orzamentos de 2017. Isto non é serio. Vostede presentou unha reclamación contra o orzamento municipal que segundo o contido da mesma considera que existen incumprimentos das normas que regulan a elaboración e aprobación do orzamento municipal que fan imposible a súa aprobación definitiva. Con votos ou sen eles vostede hoxe aquí tiña que defender ante este pleno, que foi convocado expresamente para este punto, o contido das mesmas con independencia do resultado da votación. Isto baixo o noso punto de vista é o que faría un político serio, un político que representa aos veciños de Ordes. Se vostede hoxe, aquí, renuncia á reclamación por que xuridicamente tendo en conta o informe dos técnicos municipais esta non pode ser estimada por que é informada por estes desfavorablemente. Os técnicos clarísimamente no seu informe indican que un grupo político non pode presentar unha reclamación contra o acordo de aprobación inicial do orzamento municipal, vexo que vostede agora de última hora trata de darlle a volta a isto, dicindo que non é o grupo político o que presentou a reclamación. Se quere léolle o encabezado da reclamación: Manuel Regos Boquete en nome e representación do grupo político municipal de UxO, en ningún momento di ningunha cousa distinta que non sexa o grupo político UxO, non estamos a falar do partido político que ten a sede en rúa Campomaíor, é o grupo político que esta inscrito no concello e que formou parte das decisións dos orzamentos do ano 2017. Penso que vostede sabe que con esta actuación non se esta so entorpecer a labor de goberno, tamén prexudicar os intereses dos veciños de Ordes, ao impedirse e retrasarse a entrada en vigor dos orzamentos municipais. Existen actuacións, proxectos, programas que están condicionados na súa aprobación, execución e desenvolvemento e para iso había que ter esa aprobación definitiva. Exemplo o centro sociocumunitario, que estamos pendentes de asinar ese convenio. Tamén houbo que facer modificacións de crédito, había un acordo coa Comisión das Festas Patronais para o pago, houbo que facer unha modificación de créditos do orzamento prorrogado para asumir esa parte proporcional deses gastos que eles tiñan comprometidos con nos. Eu hoxe tiña preparada unha intervención moi crítica non so coa súa reclamación, senón tamén co seu comportamento político, pero non vou a facer, vostede retira isto, non vou a facer esa intervención, xa nos quedarán outras ocasións. Pero si que lle quero dicir a vostede que recentemente fixo unhas declaracións a El Correo Gallego onde falaba de facer unha oposición construtiva. que é a hora de que empece a facela. A actividade política que vostede e o seu grupo político veñen desenvolvendo dende o ano 2015 en que se constituíu a nova corporación, e especialmente neste ano 2017, é de entorpecemento do goberno municipal, modificación da organización municipal, acordos ilegais de baixadas de impostos, burocratización da contratación administrativa, denuncias administrativas ante a Xunta de Galicia, emendas aos orzamentos contrarias a normativa presupostaria. Por iso este tipo de política dista moito de cualificarse como construtiva. Mire cal é hoxe a situación e composición do seu grupo político e verá cal é o resultado da súa actividade como oposición.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, Sr. González Santos), e coas abstencións (Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

**FOLLA Nº 5**

1º.- Aceptar o desistimento da reclamación presentada polo grupo político UxO contra o acordo de aprobación inicial do orzamento municipal, exercicio 2017.

2º.- Aprobado definitivamente o orzamento municipal, exercicio 2017.

3º.- Publicar o acordo de aprobación definitiva do orzamento municipal 2017, e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no BOP.

4. Remitir copia á Administración do Estado e á Xunta de Galicia do orzamento definitivamente aprobado.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e vinte e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**